



5. NARRATIVA DE POSGUERRA I BLANCO AMOR



GALICIA A PARTIR DE 1936

Logo da sublevación militar contra a República comeza unha guerra que finaliza en 1939 coa derrota das forzas republicanas e a instauración da ditadura franquista. Iníciase un período de represión, silencio e falta de liberdade, con perda dos dereitos fundamentais dos cidadáns, o que suporá a paralización da vida política e cultural. O Estatuto de Autonomía queda sen efecto. Moitas persoas vencelladas ao galeguismo serán fusiladas (Ánxel Casal, editor; Víctor Casas, director de A Nosa Terra...); outras terán que exiliarse (Castelao, Lorenzo Varela, Luís Seoane...) ou outras apartadas do seu traballo nun exilio interior (Otero Pedrayo, Carballo Calero...).

Nos anos 60 créanse novos partidos clandestinos de oposición ao Réxime (Unión do Pobo Galego e Partido Socialista Galego) que reivindican o autogoberno e a oficialidade do galego.

En 1975, tras a morte de Franco, instaurase un sistema democrático e autonómico.

A LINGUA GALEGA NA POSGUERRA

Durante a ditadura reprimiuse e perseguiuse a lingua galega. Aínda que a maior parte da poboación a continuou tendo como lingua habitual, o seu emprego reduciuse aos rexistros informais. O castelán era única lingua oficial e a que se empregaba na vida pública. A escola, a Igrexa e os medios de comunicación convertéronse en axentes castelanizadores. A burguesía urbana e a poboación rural instalada nas cidades adoptaron o castelán por consideralo un medio de ascensión social, mentres que identifican o galego co rural, coa incultura e coas clases baixas.

LITERATURA DE POSGUERRA

Co inicio da Guerra Civil pecháronse editoriais, revistas e xornais e parálzase a difusión de textos en galego.

Entre 1940 e 1950 a produción literaria trasládase ao exilio americano (Venezuela, Cuba, México, Uruguai, Arxentina...). Alí aparecen revistas culturais e literarias (Galicia, Galicia emigrante...) e créanse editoriais (Nova Citania).

Entre os exiliados salientan as figuras de Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Blanco Amor... En Bos Aires estréase en 1941 *Os vellos non deben de namorase* de Castelao. Tamén vai aparecer unha poesía de forte denuncia social (Luís Seoane e Lorenzo Varela).

A partir dos anos 50 inicia a recuperación cultural en Galicia. Xorden editoriais como Galaxia e coleccións de poesía como Benito Soto.

Nos anos 60 e 70 créanse asociacións culturais (O Galo, en Santiago: o Facho, na Coruña) que teñen como obxectivo a recuperación cultural da lingua galega.

A NARRATIVA DE POSGUERRA

Nos anos 50 destacan as figuras de Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole

Nos anos 60 a **Nova Narrativa Galega** (Méndez Ferrín, Gonzalo Mourullo, Carlos Casares, Xohana Torres, María Xosé Queizán...) achegará novas técnicas e temas literarios.

A partir dos sesenta aparecen autores como Alfredo Conde, Paco Martín, Fernández Ferreiro, Xavier Alcalá..., que avanza na consolidación da narrativa galega.

EDUARDO BLANCO AMOR (Ourense, 1900 - Vigo, 1979). De orixe humilde, estudou Maxisterio. En 1919 emigra a Arxentina. Alí desenvolve un intenso labor como xornalista, conferenciante e profesor universitario e literato. Como correspondente do xornal *La Nación* regresa a Galicia e contacta cos membros do grupo Nós e da xeración do 27 española. Corrixe e prologa os “Seis poemas galegos” de García Lorca. De retorno na Arxentina defende a causa republicana e colabora cos exiliados en actividades políticas e culturais. A principios dos 60 regresa a Galicia e participa en actividades culturais, particularmente no teatro. Está considerado como un dos mellores escritores galegos.

Narrativa. As súas obras desenvólvense nun espazo literario relacionado coa cidade de Ourense entre finais do século XIX e principios de XX, predominan nelas os protagonistas infantís e xuvenís e obsérvase un interese por achegarse ao realismo.

A esmorga (1959) desenvolve unha historia trágica que ocorre en diversos escenarios urbanos ou suburbanos de Auria (Ourense). Estrutúrase en tres partes:

1. «Documentación»: un narrador-autor explica como obtivo a información para escribir a obra.

2. Ao longo de cinco capítulos presenta a declaración de Cibrán, O Castizo, ante o xuíz. Mediante este interrogatorio reconstrúense as vinte e catro horas de esmorga dos tres protagonistas: O Bocas, O Milhomes e o Castizo. Cibrán, o único supervivente da traxedia e acusado, narra os sucesos acaecidos, o itinerario seguido e as circunstancias da morte dos seus compañeiros.

3. Ao final, reaparece o narrador-autor para dar conta da morte de Cibrán, deixándonos a dúbida a cerca de cales foron as súas causas.

Os biosbardos (1962) reúne sete relatos localizados en Ourense e protagonizados por nenos e adolescentes a principios do século XX e narran diversas vivencias: autoafirmación, incompreensión, irrupción do marabilloso, transgresión das normas e descuberta do sexo.

Xente ao lonxe (1972) é unha novela longa con protagonista colectivo e que ofrece varias lecturas:

- Biografía infantil e xuvenil de Suso, protagonista e narrador principal.
- Historia da familia de Suso, a familia Villar ligada a organizacións obreiras e sindicais.
- Crónica da sociedade ourensá de principios do século XX, centrada na clase traballadora.

Teatro

Destaca o volume *Farsa para títeres* que contén seis pezas influenciadas polo expresionismo europeo e o esperpento e relacionadas co Teatro do Guiñol.

Teatro para a xente (1974) son pezas breves que conectan coa tradición do teatro popular e ruralista na procura dun espectáculo dirixido “á xente do común”.